

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN "INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN CLÍNICA DE ATENCIÓN PRIMARIA E HOSPITALARIA NA COHORTE IMPaCT: PROXECTO IMPACT-IC" BAIXO O PERTE PARA A SAÚDE DE VANGARDA E NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur asinaron o 29.06.2026 o convenio arriba referido. O convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, podendo prorrogarse ata un máximo 5 anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a realización dun conxunto de actividades dirixidas ao desenvolvemento do proxecto IMPaCT-IC, co que se pretende o mantemento e a extensión da cohorte de base poboacional Cohorte IMPaCT na área sanitaria de Vigo, incluíndo a incorporación ao estudo da información clínica de atención primaria e hospitalaria dos seus participantes, mediante a definición dun modelo común de datos IMPaCT que inclúa as variables a incorporar na cohorte IMPaCT, o establecemento de procedementos de captura de datos e de estruturación e transformación dos mesmos, o tratamento dos datos para facilitar a súa explotación, e a integración dos datos obtidos na base de datos da cohorte e explotalos para xerar análises estandarizados e periódicos dos seguimentos da cohorte.

Os seus obxectivos explícitos son:

- I. Mellorar a comprensión das causas das enfermidades e condicións de saúde que son prioritarias en saúde pública, incluídos o deterioro funcional asociado á idade, as lesións e a discapacidade.
- II. Monitorizar o estado de saúde da poboación, con especial atención ás desigualdades en saúde (Saúde Pública de precisión).
- III. Predicir o risco de enfermidade e de outras condicións de saúde, incluídos o deterioro funcional asociado á idade, as lesións e a discapacidade. (Medicina Preventiva de precisión).
- IV. Identificar biomarcadores de enfermidade subclínica ou en fases iniciais, así como biomarcadores de fenotipos específicos de potencial utilidade na práctica clínica (Medicina Clínica de precisión).

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

IMPACT é a Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e á Tecnoloxía da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2017-2020.

O Programa de Medicina Preditiva que é un dos seus eixos estratéxicos aborda o deseño e establecemento dunha cohorte de base poboacional e seguimento prospectivo (proxecto Cohorte IMPACT), representativa da poboación residente en España, a súa variabilidade étnica, diversidade xeográfica e ambiental.

Os seus obxectivos son: mellorar a comprensión das causas das principais enfermidades e condicións de saúde, aumentar o coñecemento dos efectos sobre a saúde de múltiples factores: estrutura social e económica; xénero; ocupación e condicións laborais; contorna física (aire, auga, ruído, luz, etc.); ambiente microbiano (infeccións, microbioma); factores psicolóxicos e estilo de vida, incluídos a dieta e hábitos alimentarios, a actividade física, o tabaco, o sono e os biorritmos circadianos, entre outros.

O 23 de setembro de 2020, publícase no BOE a resolución da dirección do Instituto de Saúde Carlos III O.A., M.P. pola que se aproba a convocatoria de concesión de subvencións para a Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e á Tecnoloxía (IMPACT) da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, dirixidas ao financiamento dos programas que a compoñen.

Na Resolución do 11 de decembro de 2020, da dirección do Instituto de Saúde Carlos III, O.A., M. P., pola que se conceden subvencións para a infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia Tecnoloxía (IMPACT) da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, CIBER (Consortio Centro de Investigación Biomédica en Rede) resultou ser a entidade beneficiaria do Programa de Medicina Preditiva segundo o Proxecto IMPACT-Cohorte con número de expediente IMP/00021.

CIBER é un Consorcio constituído por diversas institucións e centros de investigación con sede social en distintas Comunidades Autónomas, o CSIC M. P. (Consejo Superior de Investigación es Científicas), e o Instituto de Saúde Carlos III, O.A, M.P., o cal, de conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, é un dos instrumentos dos que dispón a Administración para alcanzar as metas establecidas na Estratexia Estatal e no Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación para o período 2013-2020 e contempla entre as súas finalidades específicas contribuír á resolución dos problemas da asistencia sanitaria relacionados coas devanditas áreas e promover a participación en actividades de investigación de carácter nacional e especialmente das incluídas nos Programas Marco Europeos de I+D+i e en Horizonte 2020.

Para o desenvolvemento do proxecto existen entidades colaboradoras en todas as Comunidades Autónomas, e, no caso de Galicia a entidade colaboradora é o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, que ten atribuídas as



competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A participación do Servizo Galego de Saúde como entidade colaboradora do proxecto Cohorte IMPaCT formalizouse a través dun convenio co CIBER, asinado con data 9 de maio de 2022, a través do cal se articulou o traspaso de fondos ao Servizo Galego de Saúde e o compromiso deste de realizar as actividades asignadas na memoria do proxecto.

Todas as actividades teñen como finalidade a creación da anteriormente descrita cohorte poboacional segundo os requisitos establecidas no deseño do estudo, que está previsto que chegue aos 12.000 participantes na comunidade autónoma de Galicia. Os participantes se recrutan en tres centros de saúde das áreas sanitarias de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, prevéndose 4000 participantes en cada un deles.

Para a execución das tarefas, considerouse necesario contar coas tres Fundacións de investigación sanitaria de Galicia, integrantes do sistema autonómico de I+D+i sanitario, na actualidade integradas no sector público autonómico, repartindo os fondos entre elas, e subscribíronse convenios de colaboración con cada unha delas.

As fundacións teñen como obxecto o impulso da investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en ciencias da saúde, polo que se consideraron idóneas para o desenvolvemento do proxecto.

A creación e o desenvolvemento da Cohorte IMPaCT foi un proceso moi laborioso e complexo, tanto dende o punto de vista documental, como operativo e funcional. A necesidade de desenvolver todo este proceso previo impediu acadar os obxectivos de recrutamento establecidos, e fíxose necesario manter os resultados obtidos e darlle continuidade no tempo ao desenvolvemento da cohorte.

Na Resolución de 21 de decembro de 2022, da Dirección do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., (ISCIII), pola que se conceden subvencións para Proxectos de Investigación de Medicina Personalizada de Precisión da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, baixo o PERTE para a Saúde de Vangarda e con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, o CIBER resultou ser a entidade beneficiaria do proxecto con número de expediente PMP 22/00003: *"Saúde pública e Medicina preventiva de precisión combinando exploración física, hábitos de vida e información xenómica: monitorización da pandemia de obesidade a través de extensión de la Cohorte IMPaCT (Obes-IMPaCT)"*.



O proxecto pretende, por unha banda, a consolidación e a continuación do recrutamento de participantes da Cohorte IMPaCT e por outra, estudar nestes os principais determinantes individuais e contextuais da obesidade para orientar a acción preventiva de saúde pública.

O Servizo Galego de Saúde e o CIBER subscribiron o 5 de maio de 2025 un convenio co obxecto de articular a relación entre ambos para a distribución dos fondos con ocasión da participación no proxecto Obes-IMPACT no que o Servizo Galego de Saúde actúa como entidade colaboradora segundo a memoria do proxecto aprobada pola entidade financiadora.

Para a execución das tarefas, cóntase novamente coas tres Fundacións de investigación sanitaria de Galicia, distribuindo os fondos entre elas, mediante a subscrición dos correspondentes convenios de colaboración.

Na Resolución de 18 de decembro de 2024, da Dirección do ISCIII, pola que se conceden subvencións a Proxectos de Investigación Orientados á implantación de la Medicina Personalizada de Precisión, da Convocatoria 2024 de Misións Conxuntas do Ministerio de Sanidade e do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, o CIBER resultou ser a entidade beneficiaria do proxecto con número de expediente PMP24/00012: *"Incorporación da información clínica de atención primaria e hospitalaria na cohorte IMPACT: proxecto IMPACT-IC"*.

O Servizo Galego de Saúde e o CIBER subscribiron o 6 de febreiro de 2026 un convenio, co obxecto de articular a relación entre ambos para a distribución dos fondos con ocasión da participación no proxecto IMPACT-IC, no que o Servizo Galego de Saúde actúa como entidade colaboradora segundo a memoria do proxecto aprobada pola entidade financiadora.

Toda vez que as Fundacións públicas sanitarias dispoñen do coñecemento sobre o programa de Medicina Preditiva, no que xa veñen participando en virtude dos convenios de colaboración subscritos anteriormente para o desenvolvemento da Cohorte IMPaCT e do proxecto Obes-IMPACT, dispoñen dos medios necesarios para elo, e cada unha delas abarca unha das tres áreas xeográficas, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que se está a realizar o recrutamento da cohorte IMPACT, o Servizo Galego de saúde considera necesario seguir contando coa súa colaboración para o desenvolvemento dos traballos necesarios para a execución do proxecto IMPACT-IC.

Por todo isto, este convenio de colaboración coa Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (FPGIBGS) para o desenvolvemento do proxecto IMPACT-IC na área sanitaria de Vigo, a través do cal a FPGIBGS se compromete a realizar as actividades obxecto do convenio e a executar o gasto e xustificar o mesmo conforme ás normas establecidas polo Instituto de Saúde Carlos III, que lle serán remitidas polo Servizo Galego de Saúde, e á normativa vixente en materia de fondos europeos NextgenerationEU do MRR.



O Servizo Galego de Saúde financiará as actuacións por un importe total de sesenta e catro mil catrocentos trinta e tres (64.433,00€) para a anualidade 2026, con cargo á aplicación orzamentaria 5001/412B/443.29 do Servizo Galego de Saúde na cal existe crédito axeitado e suficiente.

Inclúense un 21% de custos indirectos que calcúlanse sobre o total de custos directos. Os custos indirectos non requiren xustificación e poden utilizarse nos conceptos que a FPGIBGS e o Servizo Galego de Saúde consideren necesarios.

O orzamento estimado para as actuacións, desagregado por concepto de gasto reflíctese na táboa seguinte:

Ano 2026			
Tipoloxía Actuación	Tipoloxía de gastos/gastos subvencionables	Descrición	Importe
Convenio proxecto IMPaCT-IC	Persoal	3 Técnicos de laboratorio (FP superior)	39.000,00
		1 Diplomado/a ou Graduado/a en enfermaría	14.250,41
		Total custos directos	53.250,41
		21% custos indirectos	11.182,59
		TOTAL	64.433,00

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

